



NOTA DE PRENSA 03.03.09

OS AFECTADOS DE VILABOA E SALCEDO DEMANDAN O PECHE CAUTELAR ANTE A NOTIFICACIÓN DE ILEGALIDADE DAS ANTENAS DE SALCEDO.

A Tenente de Alcalde da Área de Urbanismo do Concello de Pontevedra, Teresa Casal, VEN DE NOTIFICAR oficialmente aos afectados de Saxosa (Bértola-Vilaboa), Esculca e A Carballa (Salcedo-Pontevedra) a **AUSENCIA DAS LICENZAS MUNICIPAIS PRESCRITIVAS** das antenas situadas na parroquia de Salcedo e a “tramitación das medidas oportunas”.

Ante esta confirmación oficial de ILEGALIDADE, lembramos as “medidas oportunas” solicitadas por máis de 250 afectados de ditas antenas de Salcedo, [ao Concello de Pontevedra en decembro](#) ante o risco potencial:

- O PECHE CAUTELAR DE DITAS ANTENAS ILEGAIS DE SALCEDO

- E unha **REGULACIÓN DO CAOS RADIOELÉCTRICO DE PONTEVEDRA** dentro das competencias municipais, froito do debate e a participación social, **para afastar as antenas de zonas residenciais e sensíbeis** ante a [RESOLUCIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO](#) de 4 de setembro de 2008 que recoñece que hai que cambiar os LÍMITES DE PROTECCIÓN ACTUAIS PORQUE NON SON SEGUROS PARA GARANTIR A SAÚDE (segundo os consellos da [Axencia Europea de Medio Ambiente](#) e o [Informe Bioiniciativa](#)), e os distintos [estudos epidemiolóxicos](#) que asocian maior incidencia de cancro nas proximidades das antenas.

- Entrevista cos responsábeis das Concellarías implicadas do Concello de Pontevedra nesta liña.

Destacamos igualmente o compromiso asumido ante a veciñanza de Bértola polo primeiro tenente de alcalde do concello de Vilaboa, de regular a instalación de antenas, afastándoas de zonas residenciais e sensíbeis.

Enlaces a ANEXOS:

EXPEDIENTE Nº 42.390/08. Petición das persoas afectadas e da APDR ao Concello de Pontevedra:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/VILABOA/Peticion_ao_concello.Pontevedra19.12.08.pdf

Resolución do Parlamento Europeo:

[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%C3%B3n_%20Parlamento_%20Europeo_\(Bioinitiative\).pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%C3%B3n_%20Parlamento_%20Europeo_(Bioinitiative).pdf)

Declaración da Axencia Europea de Medio Ambiente:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Declaraci%C3%B3n_AEMA_apoio_Bioinitiative.pdf

Informe Bioiniciativa:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Informe_Bioinitiative

Estudos epidemiolóxicos e antenas:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Estudos_epidemioloxicos_e_antenas